

**Radu Malfatti – Goat and or Rice**  
**intérpretes: Roberto Mallo & Miguel Prado**

Radu Malfatti



Adicouse nunha primeira etapa da súa carreira á música improvisada, a partir dos anos 80 Radu Malfatti dirixiu as súas actividades máis e máis na dirección da música composta. É un dos membros do colectivo Wandelweiser, creado en 1992. A característica principal da música producida polos seus compoñentes é, en palabras do propio Malfatti: “a evaluación e integración do(s) silencio(s) máis que unha alfombra de sons sen fin. Aínda que cada individuo afronta o problema dende un ángulo distinto, parecemos ter un consenso sobre cómo debe ou pode sonar a ‘verdadeira música de vangarda’”.



**Miguel Prado** ( A Coruña, 1985)

é un artista que traballa coa improvisación, o son, o silencio e a performance. Trata de cuestionar as nocións de espectáculo e os roles que cada un desempeñamos dentro del, a autoría, a produción artística e as expectativas creadas ao redor desta.

Está interesado nas intervencións anónimas e en prácticas experimentais que posibiliten situacións diferentes, de natureza inestable. Buscar estratexias para que estas non terminen sendo experiencias reificadas.

O seu traballo é presentado mediante actuacións en directo, discos, composicións ou textos. Ao mesmo tempo coordina o selo discográfico Taumaturgia e realiza o comisariado de diversos concertos de música experimental e performance mediante a asociación Fase e a produtora Sinsal. O seu traballo non está suxeito a dereitos de autor.

Ten un forte compromiso coas obras do colectivo Wandelweiser, traballou coas composicións de Radu Malfatti, Manfred Werder e o mesmo Michael Pisaro, do cal editou Within (3.2) unha interpretación de guitarra aclamada pola crítica especializada.



**Roberto Mallo** (A Coruña, 1980) é un improvisador interesado nos procesos de realimentación, que utiliza como peza principal nas súas actuacións. Se ben o seu principal instrumento hoxe en día é o saxofón, está cada vez máis interesado nas posibilidades da electrónica: tanto con son sintetizado por computador como a través da reapropiación de materiais da sociedade de consumo para integralos como parte do círculo realimentador.

O seu traballo está dispoñible para libre intercambio e utilización, non protexido por ningún tipo de dereitos de autor.